



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre o novo réxime xurídico das autorizacións ambientais

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	6
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2002
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Desde hai algunhas décadas, o ser humano está contemplando e estudando o territorio no que vive dunha maneira diferente. Tomou conciencia da importancia de coida-lo seu contorno e manter un mínimo de normas para non caer no esgotamento, tanto dos seus recursos como da propia vida existente. Nembargantes, a tarefa non é sinxela xa que hai que loitar con innumerables condicionantes, naturais uns, normativos outros, que ás veces voluntaria e outras involuntariamente e, nalgúns casos, de maneira forzada e delictuosa vulneran unha e outra vez os preceptos normativos existentes en proveito dun mal chamado progreso. De aí os esforzos, case nunca fáciles, para compaxinar uns e outros.

Estas xornadas pretenden dar unha visión ampla do panorama ambiental español, en xeral, e galego, en particular. Nelas estúdanse as máis recentes disposicións que veñen a enche-los ocos existentes, achegando novas visións xurídico-prácticas do modo e maneira de controla-los diferentes procesos, a fin de lograr un desenvolvemento controlado que facilite a súa práctica, pero que non dane nin vulnere os principios ambientais.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- O ordenamento ambiental: confluencia da normativa comunitaria, estatal, autonómica e local. As autorizacións ambientais: normativa reguladora. Lexislación ambiental e lexislación sectorial.
- A Lei 16/2002, do 1 de xullo, de control integrado da contaminación: a autorización ambiental única.
- Autorizacións en razón dos efectos ambientais na lexislación sectorial: augas, minas, solo, residuos.
- As autorizacións ambientais: réxime xurídico. Suxeición a normas xurídicas e técnicas. Homologacións e certificacións.
- As autorizacións ambientais en Galicia (I): a nova articulación competencial derivada da Lei 16/2002, de control integrado da contaminación.
- As autorizacións ambientais en Galicia (II): a integración das autorizacións sectoriais no marco dos instrumentos de protección ambiental galegos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓN

ACORUÑA

LOCALIDADE: A Coruña

INICIO / FIN: 10/12/2002 a 11/12/2002

NUM. PRAZAS: 200

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Salón de actos da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; praza de Pontevedra, s/n. A Coruña